

ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG)

Informe ampliado de boas prácticas na convocatoria de premios literarios

Elaborado por Ania González Castiñeira

A redacción das bases para a convocatoria de premios e/ou subvencións de axuda ás creadoras de obras literarias, xa sexan promovidas por entidades públicas ou privadas, adoecen en moitas ocasións de falta de adaptación á realidade da práctica profesional da escrita ou mesmo aos dereitos e obrigas regulados legislativamente en materia de propiedade intelectual, tributaria ou fiscal. O presente informe trata de identificar brevemente algunhas das deficiencias ou malas prácticas máis habituais, así como propoñer as ferramentas interpretativas e referencias normativas necesarias para a súa emenda.

Análise xurídica:

A primeira das cuestións é diferenciar entre a convocatoria dun premio artístico ou literario cando esta vén feita por unha entidade privada de tipo mercantil ou das tipificadas como sen ánimo de lucro ou por unha administración ou entidade pública. As primeiras rexeranse pola liberdade de pactos entre as partes que rexe o dereito privado, as segundas, porén, considéranse en termos xerais a todos os efectos subvencións outorgadas pola administración pública. O marco xurídico nun caso e outro é, pois, diferente e está suxeito a obrigas distintas, se ben ambos marcos poden confluír cando o premio é outorgado por unha entidade privada, pero con dotación obtida mediante subvención ou contratación pública, ou cando o premio outorgado por unha administración inclúe prestacións e obrigas para unha entidade privada. Por tanto, será unha cuestión fundamental diferenciar cando se aplica o dereito privado por entidades privadas e cando o dereito público.

Especialidades dos premios convocados por entidades públicas

Hai que ter en conta que respecto aos conceptos premio e subvención a doutrina xurídica non se amosa unánime, e, se ben ambas considéranse técnicas de fomento, xuridicamente non son absolutamente equiparables. Agora ben, de acordo co artigo 4 da Lei Xeral de Subvencións, e 4.1 a) da Lei de Subvencións de Galicia, quedarán excluídos do ámbito das subvencións os premios que se outorguen sen previa solicitude

dos beneficiarios. Así mesmo, a Disposición Adicional 10ª da Lei Xeral de Subvencións establece a necesidade dun réxime especial aplicable ao outorgamento de premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra índole, que deberá axustarse ao contido da lei, salvo nos supostos que non sexa aplicable.

Tal norma regulamentaria non existe actualmente, nin se contempla nos respectivos regulamentos da lei estatal nin da autonómica. Sen prexuízo do anterior, considérase o premio outorgado por unha administración pública ou entidade do sector público como unha subvención sempre e cando se corresponda coa definición clasificatoria da mesma. É dicir, que de acordo co artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións consista nunha disposición pecuniaria realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 da devandita Lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra cos seguintes requisitos:

“a) Que a entrega do importe subvencionado se realice sen contraprestación directa das beneficiarias, é dicir, que a entrega de cartos, se ben esixe o cumprimento de certas condicións e accións recollidas nas bases reguladoras do premio, non constitúa o importe entregado prezo ou contraprestación por entrega de bens ou servizos por parte da beneficiaria da subvención á entidade pública.

b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxecto, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento xa realizado ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo a beneficiaria cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen, sendo que o proxecto ou actividade será sempre titularidade da beneficiaria.

c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.”

Cabe entender, por tanto, un premio outorgado por unha entidade pública, cando o mesmo é por concorrencia competitiva das autoras, como a concesión dunha subvención por solicitude das propias persoas beneficiarias. Hai que sinalar que é obrigatoria a aprobación por parte da entidade adxudicataria das bases reguladoras singulares para a concesión do premio, que deberán recoller os contidos mínimos establecidos no artigo 17 da Lei Xeral de Subvencións e o procedemento recollido no artigo 18 e ss. do Regulamento de Subvencións de Galicia.

Fundamentalmente trátase do respecto da convocatoria e o outorgamento do premio aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e motivación dos

actos da administración pública. Como xa dixemos, a subvención non pode supor a existencia dunha contraprestación, a obra cuxa realización condiciona a entrega do importe da subvención será sempre propiedade da beneficiaria, por tanto o importe de premio debe considerarse unha liberalidade da administración que en ningún caso pode supor pago algún ou contraprestación económica como a que supón a liquidación en concepto de dereitos de autoría.

Motivo este último polo que un premio outorgado por unha administración ou entidade pública, se quixese manter a súa condición de subvención ou axuda pública, non debería concibir a dotación económica do mesmo como o pago anticipado en concepto de dereitos de autoría, xa que entón si existiría unha contraprestación directa da beneficiaria a favor da convocadora, que consistiría na cesión dos dereitos de explotación da obra literaria ben sexa a favor da administración convocadora ou dun terceiro ou terceira persoa ou entidade en concepto de editorial.

De acordo co anterior, a entrega dun premio por parte dunha administración pública que consista no pago dun anticipo ou prezo en concepto de dereitos de autoría, debido á súa cesión por parte da autora directamente á administración convocadora, producidos pola explotación da obra literaria premiada sería unha mala práctica posto que perverte a natureza legal da liberalidade entregada pola administración pública en beneficio da autora ou autor da obra literaria, converténdoa no pago dun prezo que implicaría a contraprestación directa por parte da autora gañadora do premio, consistente na cesión dos seus dereitos de propiedade intelectual, que en todo caso tería a natureza xurídica dun contrato de adquisición de obra de arte literaria, que debería rexerse polo disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Tampouco sería correcta a entrega da dotación económica do premio por parte da administración ou entidade pública convocadora como pago anticipado en concepto de dereitos de autoría cando a cesión deses dereitos de explotación se fai pola persoa gañadora a favor dunha terceira persoa privada ou editorial, xa que nese caso o premio estaría encubriendo o outorgamento dunha subvención ou axuda a esa editorial, co obxecto de que a entidade privada aboase o pago anticipado en concepto de dereitos de autoría á autora cedente dos seus dereitos de explotación, cesión que esta última fai a favor da editorial privada.

Un premio literario con carácter de subvención convocado por unha administración ou entidade pública debería outorgarse ao mérito ou valor artístico dunha obra literaria, que se presenta en concorrencia competitiva con outras autoras e autores, sen que a entrega da súa dotación económica implique contraprestación directa da persoa gañadora a favor da administración ou entidade convocadora, como

o é en efecto a cesión de dereitos de explotación patrimonial da obra gañadora. Nin aínda que a devandita contraprestación sexa indirecta, é dicir, unha cesión de dereitos de explotación patrimonial da obra a favor de entidade privada ou empresa editorial que obteña coa entrega desa dotación económica á autora gañadora o beneficio de poder absterse de realizar o investimento económico relativo ao pago do prezo efectivamente consensuado entre a autora e a editorial.

Un importe económico destinado á adquisición dos dereitos de explotación dunha obra de creación literaria convenientemente convertida nun produto editorial enfocado á distribución comercial e non á realización dunha actividade de interese social ou xeral, como sucede no caso do premio outorgado por administración ou entidade pública, baixo o réxime da Lei 9/2007 de Subvencións.

Natureza económica e fiscalidade da dotación económica dos premios literarios

Son moitas as convocatorias de premios literarios, públicos e privados, nos que a dotación económica se entrega como anticipo do prezo pactado pola cesión de dereitos de autoría, quer dicir, como pago anticipado da futura liquidación de dereitos de autoría producidos pola edición e explotación da obra premiada. Como xa expuxemos, os conceptos económicos de premio e anticipo en concepto de dereitos de autoría non comparten a mesma natureza xurídica.

Polo que respecta á dotación económica dun premio, se este é outorgado como recoñecemento do mérito artístico da autora ou autor literario trataríase dunha liberalidade pública (subvención) ou privada (premio). Porén, se a mesma dotación económica ten a condición de anticipo do prezo pactado pola cesión dereitos de autoría a favor da entidade pública ou privada convocadora, que se adianta como pago da futura liquidación de dereitos de autoría, a mesma terá a natureza xurídica de contraprestación pola efectiva cesión de dereitos.

En ambos os casos atopámonos ademais ante dúas contías económicas con diferente condición e tratamento fiscal. Así, polo que respecta aos premios literarios, segundo o establecido nos artigos 12.1 g) e 25 d) do RD 439/2007 de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado por RD 304/2004 de 20 de febreiro, consideraranse rendementos de traballo ou ben rendementos de actividades económicas –segundo se obteñan non intervindo ou intervindo na ordenación de medios de produción e/ou recursos humanos para a produción ou distribución de bens ou servizos– obtidos de forma notoriamente irregular no tempo, os premios literarios que non gocen de exención deste imposto.

E aclaran ambos os dous artigos:

“Non se consideran premios, a estes efectos, as contraprestacións económicas derivadas da cesión dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou que substitúan estas.”

Non sendo premios estas últimas, as contraprestacións económicas derivadas da cesión dos dereitos de propiedade intelectual, a efectos fiscais, como veremos máis adiante, terán tamén a condición de rendementos do traballo ou ben de rendementos de actividades económicas cando se obteñan, como dicíamos, na ordenación de medios e recursos humanos e materiais para a prestación de servizos ou a entrega de bens a terceiros, se ben non son considerados estes rendementos como irregulares, como si o son os premios, non tendo as mesmas bonificacións fiscais canto á súa tributación e declaración fiscal.

Queda claro que a confusión entre a dotación económica dun premio e o anticipo en concepto de dereitos de autoría ou de propiedade intelectual non é unha boa práctica nin atende á correcta clasificación e tratamento fiscal de ambos conceptos económicos.

Os efectos de empregar de forma diferenciada os conceptos económicos de premio ou rendementos obtidos pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, pois os premios poden declararse no IRPF como un rendimento, xa sexa de traballo ou de actividade económica, obtido de forma irregular no tempo, son que permite aplicarlle unha redución ao importe recibido (base imponible) dun 30%, porcentaxe que quedaría exenta do imposto. Redución que en principio non é aplicable no caso de que a contía ou dotación económica do premio se recibise como rendementos obtidos en concepto de liquidación de dereitos de autoría, que farían referencia necesariamente a un determinado exercicio fiscal.

Ademais desta consecuencia, non podemos esquecer que o feito de recibir un premio literario (sempre e cando este concepto non se substitúa polo de anticipo da liquidación de futuros dereitos de propiedade intelectual) permite a súa recepción sen necesidade de presumir unha frecuencia habitual na realización dos traballos artísticos premiados –dado que se presupón a irregularidade– nin de realizar unha actividade económica –sempre e cando estas dúas circunstancias sexan certas– e, por tanto, unha autora ou autor que non estea nese momento dada de alta na Seguridade Social ou no IAE, por non estar a desenvolver traballo ou actividade económica algunha, podería percibir e declarar o premio literario como rendimento de traballo obtido de forma notoriamente irregular sen necesidade de máis formalidade contable ou fiscal aos efectos de alta na Seguridade Social ou de altas censuais no IAE ou liquidacións

trimestrais de tributos. En relación aos anticipos percibidos en concepto de dereitos de autoría, ao teor do disposto no artigo 17.2 d) da Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, consideraranse rendementos de traballo os derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación.

Con todo, prosegue o mesmo artigo no seu parágrafo 3, cando estes rendementos supoñan a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou de un de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos, cualifícanse como rendementos de actividades económicas. Por tanto, no caso de non realizar a autora ou o autor unha actividade económica nos termos descritos no apartado 3 do artigo 17 da Lei 35/2006 antes citado, é dicir, que tendo cedido os seus dereitos de explotación da propiedade intelectual da obra premiada en virtude das bases da convocatoria, os rendementos ou “premio” que obteña, consistente no anticipo de dereitos de propiedade intelectual, serán sempre considerados como rendementos do traballo, e, como tales, exentos do IVE, sometidos ao IRPF, pero sen necesidade en ningún caso de expedir factura algunha.

A formalidade da súa recepción quedaría totalmente cumprida coa expedición dun recibín no que conste os datos persoais da autora, os da pagadora e a aplicación ao importe da retención do IRPF á porcentaxe ou tipo que proceda.

Aos efectos do anterior hai que ter en conta que non se considera cesión de dereitos de explotación da propiedade intelectual a mera divulgación gratuíta da obra por período de seis meses sen finalidade lucrativa.

Precisións respecto á modalidade a tanto alzado

Cando a dotación económica dun premio se establece en concepto de anticipo ou “tanto alzado” de dereitos de autoría, ademais de contravir a natureza dos premios públicos que xa vimos son unha subvención que non pode implicar contraprestación algunha, mesmo no caso de tratarse de premios convocados por editoriais ou calquera outro tipo de entidade privada, dáse outra circunstancia que nos permite clasificar esta modalidade de pago como unha mala práctica. Unha cousa é o feito de que a entrega do premio literario, cando é convocado por unha entidade privada, consista nun anticipo dos rendementos obtidos coa explotación editorial da obra da autora ou autor premiado, é dicir, un pago anticipado no tempo, e outra ben distinta é que o mesmo se realice empregando a modalidade de tanto alzado, é dicir, dun só pago único.

Segundo o artigo 46 da LPI, a contraprestación en concepto de dereitos de autoría, cando a súa cesión é onerosa, debe realizarse como norma xeral mediante o acordo sobre unha porcentaxe de participación proporcional nos beneficios obtidos pola editorial. A aplicación da modalidade de tanto alzado ou cantidade fixa tan só pode aplicarse cando concorren os seguintes requisitos:

“a) cando, atendida a modalidade de explotación, exista unha dificultade grave na determinación dos ingresos ou a súa comprobación sexa imposible ou dun custo desproporcionado coa eventual retribución,

b) cando a utilización da obra teña carácter accesorio respecto da actividade ou obxecto material aos que se destinen,

c) cando a obra, utilizada con outras, non constitúa un elemento esencial da creación intelectual na que se integre,

d) No caso da primeira ou única edición das seguintes obras non divulgadas previamente:

i) Dicionarios, antoloxías e enciclopedias, ii) Prólogos, anotacións, introducións e presentacións, iii) Obras científicas, iv) Traballos de ilustración dunha obra, v) Traducións e vi) Edicións populares a prezos reducidos. “

Por tanto, a norma xeral sería incluír como anticipo dos rendementos obtidos coa explotación editorial da obra premiada (sempre e cando non se dean as circunstancias previstas no apartado d) do artigo 46. 2 LPI) unha porcentaxe de participación proporcional nos beneficios obtidos pola editorial, sendo a modalidade de cálculo da remuneración a tanto alzado unha práctica excepcional.

Cesións xenéricas dos dereitos de autoría nas bases da convocatoria do premio

O RDL 1/1996 de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual (LPI), esixe a formalización por escrito con indicación das concretas modalidades da cesión de dereitos dun contrato de edición. Se entendemos que a cesión de dereitos se establece en virtude da aceptación das bases do premio literario, cando esta cesión non implica a posterior edición da obra premiada por parte dunha editorial, unha correcta elaboración das bases esixe unha enumeración clara de cada un dos dereitos de explotación da propiedade intelectual cedidos e da súa modalidade de explotación así como do carácter exclusivo ou non exclusivo da devandita cesión, o seu ámbito xeográfico e temporal. No caso de que a autora ou autor ceda os seus dereitos en virtude dunha convocatoria de premio literario para a futura edición da súa obra, a devandita cesión requirirá inescusablemente a formalización por

escrito e sinatura dun posterior contrato de edición, xa sexa coa entidade pública ou privada convocadora ou con entidade pública ou privada distinta da que convoca o premio. Convén entón, en cumprimento do mandato legal da vixente LPI, describir as concretas modalidades de cesión de dereitos de explotación da obra premiada con expresa referencia ao ámbito xeográfico, temporal e lingüístico cedido, do contrario tan só se entenderán cedidos por cinco anos e no territorio estatal os dereitos imprescindibles para a realización da prestación acordada.

Debe fuxirse, pois, das cláusulas na redacción das bases dos premios literarios que recollan ou impoñan as cesións xenéricas de dereitos referidas a todas as modalidades de explotación, en xeral.

Ademais, o contido ou cláusulas dunha convocatoria de premio literario rara vez cumpre coas esixencias legais a respecto dos contidos mínimos que obrigatoriamente ten que conter un contrato de edición, conforme aos artigos 58 e seguintes da LPI. Hai que ter en conta que no caso de resultar beneficiaria dun premio literario que implica a publicación da obra premiada por unha editorial (sexa a mesma entidade convocadora do premio ou outra distinta) é absolutamente necesaria a formalización por escrito dun contrato de edición que debe contar, tal e como esixe a vixente LPI, co contido mínimo legalmente esixible para que o contrato sexa plenamente eficaz e non poida devir nulo ou anulable.

De tal xeito, o contrato de edición que deberá asinar a autora ou autor premiado debe incluír a cesión de dereitos explicitamente na clase de dereitos e modalidades de explotación, a contraprestación pagada á autora ou autor pola devandita cesión, a natureza exclusiva ou non de dita cesión, así como, entre outros dos elementos recollidos nos artigos citados da LPI, o número concreto de exemplares de cada unha das edicións, sen que sexa aceptable a indeterminación ilimitada. Por tanto, a cesión implícita, sen que sequera apareza nomeada, no interior dunhas bases de convocatoria dunha subvención pública ou premio literario privado, sen remisión ao obrigatorio contrato de edición e en prexuízo dos dereitos da autora ou autor premiado, é unha práctica de todo extremo contraria ao espírito e o clausulado da LPI.

Ao respecto dalgunha destas prácticas pouco recomendables na redacción das bases de premios literarios ben coñecidos, non podemos deixar de facer referencia á inclusión xenérica e incorrecta de certas cláusulas relativas a acordos que deberían inserirse na obrigatoria formalización por escrito dun contrato de edición coa que resulte ser a editora final e, por tanto, titular derivada, por cesión, dos dereitos de propiedade intelectual de explotación patrimonial, pois os dereitos morais non son nunca obxecto de cesión ao ter natureza intransmisible e irrenunciable, o mesmo que

sucede cos dereitos de obrigada xestión colectiva a través das entidades de xestión colectiva como SGAE ou CEDRO, ou dereitos de simple remuneración, que son igualmente irrenunciáveis.

Por exemplo, parece algo axeitado aos fins que persegue a edición dunha obra literaria que a cesión de dereitos de explotación se faga en exclusiva, quer dicir, coa exclusión da titularidade ou posibilidade de toma de decisións sobre os mesmos da propia persoa autora, a favor da editorial final. O que xa non é tan axeitado é que a cesión en exclusiva sexa a favor da entidade convocadora do premio cando esta é diferente á editorial final, sen que a mesma apareza identificada, e, o que é máis grave, sen que se contemple na redacción das bases do premio literario a mención expresa de que a cesión en exclusiva contén ademais a facultade de ceder estes dereitos así adquiridos a favor dun terceiro –o que necesariamente terá que ocorrer se a entidade convocadora do premio é distinta á editorial final que leve a cabo a publicación e a edición da obra–.

Outro elemento indispensable é a fixación do tempo polo que dita cesión de dereitos estará vixente. Se a cesión se leva a cabo dentro dun contrato de edición coa editorial final da obra literaria, que sería o correcto, atopámonos coa limitación temporal que a propia LPI establece para este tipo de negocios, por un máximo de 15 anos. Ningún contrato de edición literaria pode ter unha duración superior; agora ben, se a cesión de dereitos de propiedade intelectual da obra gañadora se dá fóra do ámbito do contrato de edición, é dicir, no ámbito da aceptación das bases reguladoras dun premio literario, esta cesión podería entenderse feita por todo o tempo que os propios dereitos de autoría existan, isto é, por toda a vida do autor ou autora e 70 anos máis, afectando así non só á propia vida da persoa gañadora senón ao alcance do seu legado e as súas herdeiras e herdeiros.

Faise necesario tamén mencionar, no clausulado das bases reguladoras dun premio literario, sobre todo se non se prevé a futura formalización dun contrato de edición –que insistimos é de todo necesario–, todas e cada unha das modalidades de edición en formato libro, xa que non serán as mesmas as condicións legais e contractuais por exemplo, para obras editadas en formato edición de peto que para outras distintas. Así mesmo, deben especificarse todos e cada un dos dereitos de explotación patrimonial cedidos e implicados na edición e distribución dunha obra literaria, como son os dereitos de reprodución, de comunicación pública e de distribución.

Mención á parte require o dereito de transformación. Non soe ser habitual incluír a cesión deste tipo de dereito patrimonial nos termos e cláusulas aceptadas pola mera presentación dunha obra literaria a un premio, agás no que se refire á tradución

da obra. Si soe reservarse a cesión á entidade convocadora, sexa pública ou privada, dos dereitos de explotación na lingua orixinal da obra ou ben noutras linguas cooficiais ou estranxeiras. É necesario lembrar que para a cesión dos dereitos de propiedade intelectual noutras linguas debe nomearse explicitamente cada unha delas. Pero máis alá desta cuestión, temos observado que algún premio literario de ámbito galego establece nas súas bases a cesión do dereito de transformación en relación á autorización da autora gañadora do premio para levar a cabo dramatizacións, serializacións ou adaptacións a guión teatral ou audiovisual e a correlativa explotación desta última obra audiovisual resultante.

Esta cesión xenérica, fixada nas bases dun premio literario previo á formalización dun contrato de edición que pode chegar a existir ou non, supón a todas luces unha práctica abusiva. Máxime cando o dereito de transformación esixe dunha cesión ou autorización cualificada, é dicir, que deberá ter en conta sempre a manifestación dunha autorización expresa da autora para cada caso, segundo o previsto no artigo 89 LPI; e ademais supón esta última, a transformación en obra audiovisual, unha modalidade de explotación cuxos rendementos económicos soen ter unha entidade moito maior que a explotación editorial, requirindo doutro tipo de remuneracións ou porcentaxes de participación máis altas e específicas que as normalmente previstas como dotación económica dun premio literario.

Igualmente parece algo exaxerado contemplar a cesión de calquera dereito de propiedade industrial que puidese derivarse dos contidos da obra literaria unha vez transformada en guión teatral ou audiovisual, como puidesen ser os relativos a marcas ou nomes comerciais rexistrados ou patentes de deseño sobre personaxes animados, bonecos ou xoguetes varios, así como todo tipo de produtos coñecidos como *merchandising*.

En definitiva, non parece unha boa práctica que máis alá das exixencias de determinados méritos, características da obra, extensión, temática ou estilo, as bases dun premio literario fagan as veces de clausulado dun contrato de edición, que conta cunha regulación legal específica dentro da vixente LPI e articúlase sobre a cesión duns dereitos de explotación patrimonial que constitúen a base de explotación do negocio editorial, con implicacións directas no patrimonio presente e futuro das persoas autoras, que ademais, en moitos casos, ven comprometida a súa capacidade de decisión sobre a explotación patrimonial da súa obra literaria pola mera aceptación das bases dun concurso cuxa dotación económica, na maioría dos casos, non alcanza a entidade económica dun negocio editorial xusto e equitativo entre as partes, se ben puidese ser máis que suficiente en tanto que simple recoñecemento ao mérito. Evidentemente,

cando as condicións establecidas nas bases dun premio literario alcanzan aínda que sexa en parte ás autoras e autores que non acadan a condición de gañadoras atopámonos de novo ante unha práctica abusiva. Así, algúns premios recollen a prerrogativa a favor das entidades convocadoras de adquirir un dereito preferente, quer dicir, obter vantaxe sobre outras ofertas de terceiras editoriais, sen que por este dereito preferente se compense a autora ou autor non galardoado con ningunha prestación económica. E, por último, facer mención ao feito de que calquera obriga imposta unilateralmente nas bases dun premio literario de renunciar a calquera dereito, así expresada en xeral, ou pretensión en materia de propiedade intelectual, supón a inclusión dunha cláusula nula de pleno dereito, por contraria á lei, ademais dunha evidente práctica abusiva.

Conclusiones

⇒ Moitas convocatorias de premios literarios incumpren o marco xurídico, contable e fiscal aplicable á figura dun premio literario, ao non adaptarse á normativa vixente en materia de subvencións cando está convocado por unha administración ou entidade pública ou desprazando a súa natureza de liberalidade outorgada pola administración en base a uns criterios obxectivos cara á natureza contractual cando se substitúe ou confunde a dotación económica dun premio coa contraprestación ou pago dun prezo pola cesión de dereitos de explotación patrimonial da propiedade intelectual.

⇒ Non é correcto nin se axusta á normativa fiscal vixente a dobre consideración dun premio como tal e como anticipo en concepto de liquidación de dereitos de autoría. Esta práctica pode levar á autora ou autor premiado a cometer erros con transcendencia económica no cumprimento das súas obrigas tributarias ou impoñer obrigas e formalidades non previstas na normativa vixente, froito dunha redacción pouco clara e dunha clasificación fiscal incorrecta da dotación económica dos premios literarios por parte das entidades que os convocan e mesmo pode supor o desvío dunha subvención dirixida ao fomento da creación artística cara a unha subvención dos custos de investimento dunha entidade privada.

⇒ Cando nas convocatorias de premios realizadas por entidades privadas a dotación económica consiste nunha entrega monetaria en concepto de pago pola cesión de dereitos de autoría da obra literaria premiada –xa que os premios outorgados por entidades públicas deberían manter a súa natureza de subvencións e evitar a entrega económica como pago dunha contraprestación directa das beneficiarias, é dicir, como contrapartida á cesión de dereitos de autoría ao seu favor–, e a devandita entrega establécese como un único pago, sen que se reflecta a porcentaxe de participación que

a persoa autora terá nos beneficios obtidos coa explotación mercantil da súa obra, é dicir, cando a modalidade de pago sexa ao tanto alzado, incumprírase o disposto no artigo 46 LPI; que prevé que a remuneración das autoras consista nunha porcentaxe de participación nos beneficios de explotación, sen que haxa problema en que se fixe un anticipo ou adianto de tales cantidades, sempre e cando se estableza a citada porcentaxe para os beneficios que excedan tal anticipo. De maneira que o pago ao tanto alzado dunha única cantidade só se prevé excepcionalmente para os casos legalmente previstos no citado artigo e que se recollen no corpo do presente informe.

⇒ A cesión ou a renuncia de dereitos incluídas nas bases dunha convocatoria, sexa pública ou privada, de forma ilimitada e xenérica, é unha práctica abusiva que contradí o recollido na LPI a respecto da transmisión *inter vivos* dos dereitos de propiedade intelectual por parte das autoras e autores literarios. A devandita cesión de dereitos, cando non implique a publicación da obra premiada por parte dunha entidade privada ou editorial, e por tanto deba recollerse nas propias bases, a convocatoria do premio deberá cumprir os requisitos legais de concreción tanto dos dereitos cedidos como das modalidades de explotación, así como do ámbito xeográfico, temporal e lingüístico da devandita cesión, incluíndo a necesaria e explícita mención a todos os elementos que configuran a cesión de dereitos de autoría.

⇒ No caso de que a convocatoria do premio literario implique a edición da obra premiada, as bases do concurso deben facer referencia de forma ineludible á formalización por escrito do pertinente contrato de edición, que debe conter os elementos mínimos establecidos nos artigos 60 e seguintes da LIP para que o mesmo non resulte nulo ou anulable.

⇒ Resulta abusiva a inclusión da cesión xenérica do dereito de transformación referido á dramatización, serialización e/ou adaptación da obra literaria a guión teatral ou audiovisual e a autorización relativa á explotación da obra resultante. A devandita cesión require da autorización expresa da autora para cada caso e implica unha negociación de termos, condicións e prezos que excede as previsións económicas e xurídicas dunha simple aceptación de bases establecidas para un premio literario, que debería ter por obxecto o recoñecemento dos méritos ou específico valor artístico dunha obra e non a adquisición encuberta de dereitos de explotación futuras que non contan cos debidos e necesarios contratos específicos de edición ou transformación e explotación, previstos pola lexislación vixente como ferramentas de garantía da acaída participación das autoras e autores nos beneficios obtidos coa explotación da súa obra.

Identificadas estas concretas malas prácticas no estudo de varias convocatorias de premios literarios do ámbito público e privado en Galicia, entendemos que se ben o ánimo deste tipo de medidas de fomento público e privado é favorecer e recoñecer o mérito artístico das autoras e autores literarios do noso contexto, a complexidade xurídica, contable e fiscal da súa natureza ou da interpretación da normativa legal aplicable non debería escusar o cumprimento de cantas obrigas e dereitos corresponden ás persoas e entidades que participan deste tipo de actividade cultural.

En Vigo a 17 de xuño de 2024
Ania González Castiñeira
Colexiada 3797 ICA Vigo.